

Oferta Pública de Emprego 2021

A CIG-Ensino fixo unha intervención centrada na incerteza actual diante do posíbel cambio normativo tanto a nivel educativo, coa previsíbel negociación co Ministerio de Educación dun novo Real Decreto de Ingreso e Acceso ao longo deste ano 2021, como a nivel xeral ante o posíbel cambio do EBEP, que a día de hoxe non sabemos se vai alterar dalgunha maneira o acceso á docencia ou non. Solicitamos da administración que nos indique se xa comezaron as negociacións entre as administracións galega e do Estado para o futuro real decreto de acceso.

A Consellaría indícanos que neste momento non tiveron acceso a ningunha proposta por parte do MEFP. Aseguran que lles foi requirido polo Ministerio de Función Pública un informe co número de prazas serían susceptibles de seren incorporadas a un proceso de “estabilización”, partindo do criterio de ter traballado máis de tres anos.

As Ofertas de Emprego deben ter en conta a situación actual do profesorado interino, na liña de atender o abuso na temporalidade, mais a ninguén se lle escapa que o principal problema está na regulación estatal que baixo a escusa da “estabilización” tira para adiante con acordos con algúns sindicatos que non teñen para nada en conta ás persoas que durante anos levan traballando con contratos temporais nas administracións públicas. De feito, preocúpanos especialmente a situación

de determinadas especialidades de secundaria e FP nas que se ofertan tantas prazas ou mesmo máis que o número de interinas traballando, o que implica que quen non aprobe estará condenado ao desemprego.

A Consellaría entregou unha listaxe do profesorado interino actual, no que destaca a existencia de 5711 persoas con contrato de interinidade por curso completo con data do 13/10/2020. A este respecto indican que estas cifras contabilizan a 1.350 docentes que a Xunta identifica como “prazas covid”, polo que aseguran que a cifra “ordinaria” de persoal interino é de 4.360 docentes. Nos números da Consellaría tamén contan coa suspensión das oposicións no ano 2020 (que terán lugar no 2021) e que ascenden a 2.276 prazas o que reduciría o total de interinidades (sempre e cando non quedasen prazas desertas) nuns 2.085.

A CIG-Ensino solicitou un informe pormenorizado do profesorado en activo por especialidade e ano de nacemento do profesorado. Propomos que sexa daquel que naceu entre os anos 1956 e 1966, xa que isto nos dará unha idea da renovación necesaria para os próximos anos.

A Consellaría comprometeuse a entregar ese informe estatístico.

Datos comunicados pola Consellaría.

Datos sobre o ano 2020 que levaron á Consellaría á proposta global de prazas na OPE:

- ★ 1.245 xubilacións.
- ★ 20 falecementos.
- ★ 22 excedencias por interese particular.
- ★ Entraron en Galiza 32 persoas no CXT.
- ★ Reingresaron 7 persoas.

Son un total de 1.248 prazas que co 110% de taxa de reposición que permite este ano o Estado convértense en 1.372. O 25% do total da taxa de reposición dos corpos de PES e artes plásticas resérvanse para promoción interna. Cabe salientar que desde hai anos máis do 90% destas prazas quedan desertas nas oposicións.

Datos da Oferta de Emprego

Número de prazas: 1.372

Corpo de mestres: 652

Corpo de profesorado de ensino secundario: 692

Corpo de profesorado de escolas oficiais de idiomas: 20

Corpo de profesorado de artes plásticas e deseño: 8

Promoción interna (A2-A1).

Acceso ao corpo de profesorado de ensino secundario: 230

Acceso ao corpo de profesorado de artes plásticas e deseño: 2

A Consellaría aclara que non se determinará o reparto por especialidades de momento xa que haberá que agardar ás cifras de taxa de reposición para a OPE do 2022. En todo caso, parece claro, á vista do número de persoas interinas, que para EOI haberá oposicións en Inglés e que, no caso do corpo de mestres, haberá oferta en todas as especialidades.

Data das probas das oposicións

Esta oferta de emprego será sumada á de 2022 e as probas selectivas serán no verán do 2022.



OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acoruha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal